



1.- XXXIV Congreso Nacional de Estadística e Investigación Operativa

O Departamento de Matemáticas da Universitat Jaume I e a *Sociedad de Estadística e Investigación Operativa* (SEIO) anuncian a celebración do *XXXIV Congreso Nacional de Estadística e Investigación Operativa* e das *VIII Jornadas de Estadística Pública*. Este congreso vai celebrarse no Palacio de Congresos de Castellón, do 11 ao 13 de setembro de 2013.

Máis información: www.seio2013.com

2.-Bolsas de posgrao da Obra Social “La Caixa”

A Obra Social "la Caixa" convoca **145 bolsas** para cursar estudos de posgrao en España, Europa, América do Norte e Asia. O obxectivo do programa de bolsas é fomentar a mobilidade e facilitar ao beneficiario unha subvención suficiente, que permita que os mellores estudantes non teñan impedimentos económicos para acceder aos mellores centros de ensino nacionais e internacionais.

Máis información: http://obrasocial.lacaixa.es/ambitos/becas/becasedeposgrado_es.html

3.-XVI edición de JAEM

A *Societat Balear de Matemàtiques* (SBM-XEIX) organiza a XVI edición das *Jornadas para el aprendizaje y la Enseñanza de las Matemáticas* (JAEM), que terán lugar en Palma entre o 2 e o 5 de xullo de 2013.

Máis información: <http://xvi.jaem.es/spip.php?lang=es>

4.-InvestigArte: concurso de arte visual e tecnolóxico

InvestigArte é un concurso de arte visual científico e tecnolóxico dirixido a dous perfís específicos:

- Grupos de investigación.
- Alumnos de ESO, Bacharelato e Formación profesional.

Este concurso está organizado por [educaBarrié](#) (o canal de comunicación coa comunidade educativa da **Fundación Barrié**), **Campus Vida** (o Campus de Excelencia Internacional Liderado pola Universidade de Santiago de Compostela), e o **Instituto de Investigacións Sanitarias de Santiago (IDIS)** co obxectivo de acercar a ciencia e a tecnoloxía á nosa sociedade.

Máis información: <http://www.investigarte.es/>

Un saúdo,
SGAPEIO
Facultade de Matemáticas
Campus Vida , s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
E-mail: secretaria@sgapeio.es
Web: <http://www.sgapeio.es>